



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 16 de decembro de 2019, da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude para a declaración de urxente ocupación para efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para continuar coas labores de explotación mineira Lamas Vilarchao Fracción II Nº5358.2 e Demasías, no Concello de A Fonsagrada (expediente IN 334A 2018-1)

A empresa Europizarras S.L. con domicilio social en Lugar de Vilarchao-Lamas Campos, s/n, Lugo, solicitou a declaración de urxente ocupación para a expropiación forzosa dos terreos situados no termo municipal de A Fonsagrada que se relacionan no Anexo e que son necesarios para continuar cos labores propios da concesión de explotación mineira Lamas Vilarchao Fracción II Nº5358.2 e Demasías. Esta solicitude faise ao abeiro do artigo 105 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

De acordo cos artigos 18 e 19 da citada Lei de expropiación e nos artigos 17, 18, 24 e 56 do regulamento, do 26 de abril de 1957, en concordancia co establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ábrese un período de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da última publicación desta resolución.

Durante este prazo, aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente nesta xefatura territorial (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, rolda da Muralla, nº 70, Lugo) e presentar alegacións que consideren convenientes ou achegar cantos datos permitan a rectificación de posibles erros cometidos na relación de propietarios e predios afectados.

Todas as alegacións deberán dirixirse a esta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, no enderezo antes indicado ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 16 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Lugo, 16 de decembro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

ANEXO

Relación de bens e dereitos afectados

Provincia: Lugo

Termo municipal: A Fonsagrada

Polígono Catastro	Parcela Catastro	Parcela Partición Fongate	Superficie (m ²) Partición Fongate/Catastro	Propietario, Partición Fongate/Catastro	Tipo de Terreno
118	378/391/ 362/384	60	18.484	Casa da Barreira José Pérez López y María Isabel López Fernández	Arbolado, monte baixo e improductivo
118	215		1.461	Asunción García Rodríguez	Pradería e monte con arbolado

118	384		284.544	Europizarras S.A. (15 partes) Casa de Conde (1 parte) Belinda López Osorio Casa de Gómez (1 parte) José Javier Gómez López	Matorral con pies aislados y alterado
-----	-----	--	---------	---	---------------------------------------

R. 0082

Anuncio

Resolución do 11 de decembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Vilalba. (expediente IN407A 2019-16AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Quesería Entrepinares S.A.U.
- Denominación: “MODIFICADO DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA DE LMT, CT Y RBT PARA LA AMPLIACIÓN DEL PARQUE EMPRESARIAL DE VILLALBA (ENTREPINARES)”
- Situación: concello de Vilalba
- Características técnicas:
 - Liña soterrada de media tensión a 20kV con orixe no CT proxectado e final no CS proxectado, cunha lonxitude de 16 metros en condutor tipo RHZ1-240.
 - Centro de transformación Polígono Entrepinares prefabricado, cunha potencia máxima admisible de 400kVAS e unha potencia instalada de 400kVAS, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de protección.
 - Centro de seccionamento proxectado, no cal se instalan dúas celas de liña e unha de interruptor.
 - Canalización soterrada para a ampliación do parque Empresarial de Vilalba, con orixe nunha arqueta existente e final nunha arqueta proxectada, (a LMT e obxecto de outro proxecto (33-2019 AT))
 - RBT soterrada con orixe no CT proxectado e final nas CXP’s das parcelas a electrificar, cunha lonxitude de 130 metros en condutor RV-95 e 230 metros de RV-150.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 11 de decembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 0083

Anuncio

Resolución do 16 de decembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Chantada. (expediente IN407A 8709AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle – Ourense
- Denominación: “LMTS Y CS SALTO DE BELESAR-PQ ASMA (CHANTADA)”
- Situación: concello de Chantada
- Características técnicas:
 - Centro de seccionamento e medida en edificio prefabricado, dividido en tres zonas, na primeira zona instálanse cinco celas de interruptor seccionador e unha cela de acoplamento, na segunda zona instalase unha cela de interruptor seccionador, unha de protección e unha de medida e na terceira zona instalase unha cela de interruptor seccionador, unha de protección e unha de medida.
 - Liña de media tensión aérea a 20kV CHA808 con orixe no apoio existente BHUJISFD-53 e final no apoio proxectado AP-2 tipo FL-C-4500-12, cunha lonxitude de 28 metros en condutor tipo LA-110.
 - Liña de media tensión aérea a 20kV CHA807 con orixe no apoio existente BHUJISFD-53 e final no apoio proxectado AP-3 tipo FL-C-4500-20, cunha lonxitude de 29 metros en condutor tipo LA-110.
 - Liña de media tensión aérea a 20kV Pesqueiras con orixe no apoio existente tipo HVH e final no apoio proxectado AP-1 tipo FL-C-4500-20, cunha lonxitude de 48 metros en condutor tipo LA-110.
 - Liña de media tensión aérea a 20kV con orixe no apoio proxectado AP-3 CHA807 e final no apoio proxectado AP-1 LMT Presa e LMT Pesqueiras, cunha lonxitude de 9 metros en condutor tipo LA-110.
 - Liña de media tensión aérea a 20kV CHA807 con orixe no apoio proxectado AP-3 e final no apoio existente AP-5, cunha lonxitude de 19 metros en condutor tipo LA-56.
 - Liña de media tensión soterrada con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio AP-2 CHA808 e final no centro de seccionamento e medida, cunha lonxitude de 36 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - Liña de media tensión soterrada con orixe nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio AP-3 CHA807 e final no centro de seccionamento e medida, cunha lonxitude de 36 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
 - RBT soterrada cunha lonxitude de 17 metros en condutor tipo RV

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 16 de decembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 0084

Anuncio

Resolución do 17 de decembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Láncara. (expediente IN407A 8687AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle - Ourense
- Denominación: "LMT POLÍGONO 8, PARCELA 1695, LUGAR ARMEA (LÁNCARA)"
- Situación: concello de Láncara
- Características técnicas:
 - LMT aérea proxectada a 20 KV, con orixe no apoio existen con matrícula C46PJKXD/D76-115-8 pertencente a LMT TTL-814 e final nun apoio proxectado tipo C-2000-12, cunha lonxitude de 32 metros en conductor tipo LA-56

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 17 de decembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 0085

CONCELLOS**FOLGOSO DO COUREL***Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía n.º 228 de 18 de decembro de 2019 ratificado polo Pleno da Corporación de data 27 de decembro de 2019 adoptouse o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- *Aprobar para todo o persoal, funcionario, estatutario ou laboral, ao servizo do Concello de Folgoso do Courel, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou prestación con cargo do Concello, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.*

SEGUNDO.- *Aprobar para todo o persoal, funcionario, estatutario ou laboral, ao servizo do Concello de Folgoso do Courel, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal, mediante a esixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, desde o primeiro día de ausencia.*

TERCEIRO.- *Ratificar este acordo polo Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e publicar no Boletín Oficial da Provincia.”*

Folgoso do Courel, 13 de xaneiro de 2020.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0086

FOZ*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 13 de xaneiro de 2020, aprobaronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao 6º bimestre de 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 15 de xaneiro e o 15 de marzo de 2020.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 201.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 13 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0087

PALAS DE REI*Anuncio*

Acreditación de empregadas públicas que ostentarán os permisos de utilización do selo electrónico de órgano e delegación de sinatura.

Vista a proposta do Secretario da Corporación do 13 de xaneiro de 2020 e informe de corrección de erro material desta mesma data, cuxa versión definitiva corrixida de seguido se reproduce:

O Real Decreto 128/2018 do 16 de marzo non contén previsión expresa de delegación das funcións reservadas por parte dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional en funcionarios propios da Corporación, carentes da habilitación de carácter nacional, como sucedía no artigo 13.2 do derogado RD 1174/1987, do 18 de novembro, que regulaba esta mesma materia.

Segundo o artigo 5 da lei 40/2015, do 1 de outubro terán a consideración de órganos administrativos as unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros, ou cuxa actuación teña carácter preceptivo. Corresponde a cada Administración Pública delimitar, no seu respectivo ámbito competencial, as unidades administrativas que configuran os órganos administrativos propios das especialidades derivadas da súa organización.

E a disposición adicional oitava do RD 128/2018 fai referencia a que terán a consideración de órganos, os postos reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, para os efectos do exercicio en soporte electrónico das funcións reservadas aos funcionarios regulados no presente Real Decreto.

Regulación que determina a posibilidade de aplicar as regras xerais da delegación de competencias regulada no artigo 9 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público co alcance sinalado.

Sen contradicir a regulación anteriormente sinalada e no que respecta en concretamente ao Padrón municipal de habitantes, debemos considerar o seguinte:

O artigo 53.1 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais prescribe que as certificacións que dos datos do Padrón se expidan terán carácter de documento público e fehaciente para todos os efectos administrativos. E o artigo 61 do mesmo texto regulamentario establece que os certificados a que se refire o artigo 53.1 do anterior serán expedidas polo Secretario do Concello ou funcionario en quen delegue, de conformidade co disposto nos artigos 204 e 205 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

O artigo 205 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dinos que as certificacións se expedirán por orde do Presidente da Corporación e coa súa visto e praxe, para significar que o Secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica. Esixencia superada pola normativa reguladora da Administración electrónica, xa que o sistema acredita a identidade e condición do asinante.

Polo que respecta ao que tradicionalmente se coñece como compulsa, ou cotexo de documentos, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, estable o seguinte:

Artigo 27 Validez e eficacia das copias realizadas polas Administracións Públicas.

1. Cada Administración Pública determinará os órganos que teñan atribuídas as competencias de expedición de copias auténticas dos documentos públicos administrativos ou privados.

As copias auténticas de documentos privados producen unicamente efectos administrativos. As copias auténticas realizadas por unha Administración Pública terán validez nas restantes Administracións.

Para estes efectos, a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poderán realizar copias auténticas mediante funcionario habilitado ou mediante actuación administrativa automatizada.

Deberase manter actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a expedición de copias auténticas que deberán ser plenamente inter operables e estar inter conectados cos das restantes Administracións Públicas, para os efectos de comprobar a validez da citada habilitación. Neste rexistro ou sistema equivalente constarán, polo menos, os funcionarios que presten servizos nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

Finalmente, debemos tomar en consideración o disposto no apartado 1 da Disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia: O persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente Lei que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estivera realizando funcións ou desempeñara postos de traballo de persoal funcionario, ou pasara a realizar ditas funcións ou a desempeñar ditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna convocadas antes da data sinalada, poderá seguir realizándoas ou desempeñándoas.

Polo que respecta especificamente á xestión do Padrón de Habitantes, o Consello de Empadramento considera que para que as certificacións asinadas con selo electrónico da Secretaría do Concello (selo de órgano) sexan válidas, é preciso que previamente se teña ditado polo órgano municipal competente unha resolución na que se determine que se trata dunha actuación administrativa automatizada cos requisitos que establece o artigo 41.2 da Lei 40/2015, así como que para tal actuación pode utilizarse o selo de órgano (artigo 42 da lei 40/2015) previamente creado, cos requisitos establecidos nos artigos 40 da Lei 40/2015 e demais disposicións legais e regulamentarias de aplicación.

Esta resolución foi ditada nesta mesma data polo Alcalde e remitírase para súa publicación no BOP e páxina web oficial do concello de Palas de Rei.

En consonancia co anterior e co obxecto de que se garanta o mais eficaz funcionamento ordinario dos servizos de atención ao cidadán do concello de Palas de Rei, formulo a seguinte PROPOSTA:

1) Conforme ao previsto no apartado cuarto, parágrafo 5 do Decreto do Alcalde nº 008/2020, de 13 de xaneiro acredítanse as seguintes empregadas públicas do Concello de Palas de Rei, que ostentarán os permisos de Selado Electrónico:

- Luisa Novo Santos, Administrativa de Administración Xeral de Secretaría.
 - Marta María Penas Pérez, Auxiliar administrativa da unidade de Rexistro Xeral e Padrón Municipal de Habitantes.
- Delegar a sinatura de documentos que se expidan presencialmente relativos a arquivos e rexistros con soporte electrónico automatizado e concretamente as certificacións relativas ao Padrón municipal de Habitantes mediante o selo electrónico da Secretaría do Concello de Palas de Rei, indistintamente. nas empregadas citadas no apartado anterior.
- Delegar a sinatura para expedición de copias auténticas a que se refire o artigo 27 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o cotexo de documentos para o que está habilitado o Secretario, indistintamente, nas empregadas citadas no apartado 1 anterior.

En virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime Local, polo presente

RESOLVO:

PRIMEIRO. Declarar e facer público para xeral coñecemento que o Secretario da Corporación acredita as seguintes empregadas públicas do Concello de Palas de Rei aos efectos de uso dos permisos de Selado Electrónico, conforme ao aprobado no apartado cuarto, parágrafo 5 do Decreto do Alcalde de Palas de Rei número 008, de 13 de xaneiro de 2020:

- Luisa Novo Santos, Administrativa de Administración Xeral de Secretaría.
- Marta María Penas Pérez, empregada responsable da unidade de Rexistro Xeral e Padrón Municipal de Habitantes.

SEGUNDO. Execútese a proposta do Secretario nos seus propios termos, no que atinxe ás delegacións expresadas nos apartados 2 e 3 anteriormente reproducidos, que serán efectivas desde o mesmo momento da aceptación polas expresadas empregadas, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Palas de Rei, 14 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0088

Anuncio

Aprobación do selo electrónico de órgano e regulación de actuacións administrativas automatizadas no Concello de Palas de Rei.

O artigo 41.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dispón que se entende por actuación administrativa automatizada calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por parte dunha administración pública no marco dun procedemento administrativo e na cal non interveña de maneira directa un empregado público. O apartado 2 do artigo 41 prevé que en caso de actuación administrativa automatizada tense que establecer previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para definir as especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade, e se procede auditoría do sistema de información e do código fonte. Así mesmo, tense que indicar o órgano responsable para os efectos de impugnación.

O artigo 42 do mesmo texto legal prevé que no exercicio da competencia na actuación administrativa automatizada, cada administración pública pode determinar os supostos de utilización dos sistemas seguintes de sinatura electrónica:

- a) Selo electrónico de Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.
- b) Código seguro de verificación vinculado á Administración pública, órgano, organismo público ou entidade de dereito público, nos termos e condicións establecidos; permítese en todo caso a comprobación da integridade do documento mediante o acceso á sede electrónica correspondente.

O selo de órgano prevese no artigo 42 da Lei 40/2015, baixo a rúbrica «Sistemas de firma para a actuación administrativa automatizada». A Lei 40/2015 regula a posibilidade de utilizar o selo de órgano por parte das administracións públicas na actuación administrativa automatizada. Con todo, esta aplicación non se pode utilizar de maneira indiscriminada, senón que se ten que usar de acordo cos principios que a mesma Lei establece e para calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por parte dunha administración

pública no marco dun procedemento administrativo e en que non interveña de maneira directa un empregado público.

Así, corresponde a cada administración determinar os supostos e trámites en que o selo de órgano pode ser aplicado, aínda que esta determinación non se pode realizar de maneira indiscriminada, senón baixo unha adecuada valoración dos supostos que se poden realizar mediante unha actuación administrativa automatizada, de acordo co principio de proporcionalidade e sen que se produza unha mingua de garantías da persoa usuaria.

Finalmente, o artigo 70 bis.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece que as entidades locais, especialmente os municipios, deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación cos veciños, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos. E as Deputacións provinciais colaborarán cos municipios no desenvolvemento dese deber.

Por todo o anteriormente exposto, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 a) e s) da Lei 7/1985, LBRL RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes actuacións administrativas automatizadas do Concello de Palas de Rei.

-De carácter xeral: todas as actuacións e procedementos que se vaian incorporando, con carácter automatizado, á Plataforma de Tramitación Electrónica do Concello de Palas de Rei ou á súa sede electrónica.

- De carácter específico:

- Expedición de certificados e de volantes de empadramento.
- Expedición automática de recibos de presentación no rexistro electrónico da Administración.

SEGUNDO.- Os órganos competentes en relación coas actuacións administrativas automatizadas, en exercicio da función de fe pública administrativa, son os seguintes:

- Para a definición das especificacións ou detalle do procedemento de creación e emisión do certificado: Secretaría da Corporación.
- Para o deseño informático, programación e mantemento e auditoría do sistema de información e do código fonte: O Concello de Palas de Rei coa asistencia e soporte técnico proporcionado por ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACION, S.A.. Servicios de Tecnoloxía Gestiona.
- Para a supervisión e control de calidade: Secretaría da Corporación.

TERCEIRO.- Formalízase a creación do Selo de órgano do Concello de Palas de Rei.

A responsabilidade da utilización a efectos de impugnación corresponde ao Concello de Palas de Rei.

As características do certificado e a verificación de documentos asinados con selo de órgano poderase realizar na sede electrónica do Concello de Palas de Rei (<https://palasderei.sedelectronica.es>).

O selo electrónico de Órgano do Concello de Palas de Rei poderase utilizar nos procesos de tramitación automatizada sinalados anteriormente.

O órgano responsable a efectos de impugnación é a Alcaldía do Concello de Palas de Rei.

CUARTO.- A tramitación automática dos procedementos realizarase do seguinte xeito:

1. Os interesados poderán iniciar a tramitación automática dos procedementos indicados no rexistro do Concello ou lugares habilitados no artigo 16 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Os interesados poderanse identificar e autenticar mediante documento nacional de identidade ou documento equivalente.
3. A tramitación electrónica automatizada contempla a captura automática da información contida nas bases de datos corporativas do Concello.
4. As aplicacións informáticas coas que se realizará a tramitación electrónica automatizada a que se refire esta resolución son, ademais de todas aquelas cuxa norma de creación así o prevexa, as seguintes: Xestión de procedementos aos que se dea acceso ou se poñan de manifesto electronicamente aos interesados.
5. Ostentarán permisos de Selado Electrónico unicamente os empregados públicos que sexan acreditados pola Secretaría da Corporación
6. O Concello emitirá resolución automatizada que recollerá expresamente, ademais do contido establecido con carácter xeral na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o seguinte:
 - a) A súa condición de acto administrativo automatizado.
 - b) O selo electrónico da entidade.

c) O órgano que ha de considerarse responsable a efectos de impugnación.

7. O código electrónico de verificación permitirá verificar a autenticidade dos documentos xerados electrónica e automaticamente nos procedementos automatizados.

8. Os expedientes administrativos e documentos xerados polas citadas aplicacións almacénanse nos sistemas de información municipais. Ditas aplicacións informáticas garantirán o control dos prazos, a identificación dos órganos responsables dos procedementos, así como a tramitación ordenada dos expedientes administrativos.

9. As indicadas resolucións serán recorribles ante o órgano xurisdiccional contencioso administrativo, previo recurso potestativo ante o Alcalde, na forma establecida na Lei de procedemento administrativo.

10. Os expedientes de tramitación automática arquivaranse no xestor documental Gestiona-esPúblico.

11. As copias dos documentos electrónicos terán a consideración que se establece no artigo 27 da Lei 39/2015.

QUINTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.

Esta resolución producirá efectos desde a súa publicación no Boletín oficial da Provincia de A Coruña. Igualmente publicárase na sede electrónica do Concello de Palas de Rei a efectos de xeral coñecemento, de acordo co artigo 45.1.a) da Lei 39/2015.

Palas de Rei, 14 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0089

PORTOMARÍN

Anuncio

Habiendo quedado definitivamente aprobado por el Pleno de este Ayuntamiento el Presupuesto para el ejercicio económico de 2020, por acuerdo adoptado en sesión celebrada el día cuatro de diciembre de dos mil diecinueve, en cumplimiento a lo que dispone el artículo 169.3 del R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se hace público que dicho Presupuesto asciende tanto en Gastos como en Ingresos a la cuantía de UN MILLON CATROCIENTOS OITENTA E UN MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (1.481.224,08 €) correspondiendo a cada capítulo las cantidades que a continuación se expresan, según siguiente detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCIÓN (%)	
A.- OPERACIONES CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSONAL	738.385,45
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	479.507,39
3	GASTOS FINANCIEROS	0,00
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	37.919,00
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIONES CORRENTES		1.255.811,84
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	INVERSIONES REALES	225.412,24
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0.000,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		225.412,24
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		1.481.224,08

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	
A.- OPERACIONES CORRENTES		
1	IMPUESTOS DIRECTOS	432.364,08
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	238.614,10
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	166.884,03
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	633.356,87
5	INGRESOS PATRIMONIALES	32.005,00
TOTAL OPERACIONES CORRENTES		1.303.224,08
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	182.000,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00

TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	182.000,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS	1.485.224,08

En la referida sesión, también se acordó aprobar la plantilla y la relación de puestos de trabajo de esta Corporación que, de acuerdo con lo que preceptúa el art. 127 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproduce a continuación:

CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (Catalogo de persoal e prazas)

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA	GRUPO	NIVEL CD
01	Secretario-Interventor Agrup. Guntin	A1/A2	28 (30 a nivel persoal)
01	Ingeniero Técnico Agrícola* (vacante creada Pleno 05-08-14)	A2	22
01	Administrativo	C1	22
01	Administrativo (vacante)	C1	22
01	Arquitecto (vacante)	A1	24

* Actualmente desempeñada por interino.

B) PERSONAL LABORAL FIJO O INDEFINIDO

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
01	Trabajador Social (Fijo)
02	Operario Servicios múltiples, asimilado AP (Fijos)
02	Limpiadoras tiempo parcial, asimilado AP (Vacante) cubiertas con laboral temporal

C) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

Nº	DENOMINACIÓN PLAZA
01	Operario Limpieza viaria
02	Trabajadores medioambientales camino de Santiago
07	Auxiliares de Ayuda a Domicilio
01	Agente de Empleo y Desenvolvemento Local
01	Informador juvenil y cultura
01	Monitor deportivo (tiempo parcial)
01	Atención instalación albergue de peregrinos (de temporada)
02	Peón de refuerzo verano
09	Brigada de incendios/conductores motobomba/tractoristas desbroces

De conformidad con lo preceptuado en el art. 171.l del R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, contra la aprobación definitiva del presupuesto municipal se podrá interponer directamente recurso contencioso administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en la forma y plazos que establecen las normas de la jurisdicción contencioso-administrativa.

Portomarín, 16 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Juan Carlos Serrano López.

R. 0090

SAMOS

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vista a Acta da reunión do Tribunal cualificador nomeado para levar a cabo o proceso de selección, para prover, mediante o sistema de oposición libre, unha praza de Coidador/a de vivenda comunitaria, do cadro de persoal laboral do Concello de Samos, correspondente á oferta de emprego do ano 2018, segundo a convocatoria e bases xerais e específicas publicadas no BOP nº 049 de 27 de febreiro de 2019 (extracto no DOG nº 45 de 5 de marzo de 2019 e no BOE nº 67 de 19 de marzo de 2019), do día 29 de novembro de 2019 pola cal se levou a cabo a apertura de plicas, cualificación final e proposta de contratación.

Visto que segundo consta en Certificado de Secretaría a aspirante seleccionada presentou en tempo e forma a documentación á que se refire a base 13.1 das xerais reguladoras dos procesos selectivos correspondentes á oferta de emprego público do ano 2018 do Concello de Samos.

Visto que de conformidade coa base 14.2 das xerais reguladoras do proceso selectivo, e unha vez presentada a documentación á que se refire o parágrafo anterior, a Alcaldía procederá a contratación como persoal laboral na clase e categoría correspondente ás persoas aspirantes propostos publicándose o acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellosamos.es).

Visto que de conformidade coa base 14.3 das xerais reguladoras do proceso selectiva a toma de posesión das persoas aspirantes nomeadas efectuarase no prazo máximo dun mes dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Á vista do actuado, e de conformidade co art. 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Lócal e bases reguladoras dos procesos selectivos, RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear como persoal laboral fixo do Concello de Samos á seguinte persoa:

NOME E APELIDOS	DNI	POSTO
Susana López Abad	**5805***	Coidadora Vivendas Comunitarias

SEGUNDO: A toma de posesión das persoas nomeadas producirase en data 24/01/2020, suscribindo en dita data o correspondente contrato laboral indefinido.

TERCEIRO: Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellosamos.es) a efectos de xeral coñecemento e de conformidade coa base 14.2 das xerais que rexen a convocatoria.

O manda e asina o alcalde, Julio Gallego Moure, ante mín o secretario, Froilán Pallín Seco.

R. 0091

Anuncio

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 03/01/2020, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a DECEMBRO de 2019, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 10 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0094

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 35/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a YAMILE ROSARIO DAZA ROJAS contra HERENCIA YACENTE DE JOSE VAZQUEZ CEREIJO sobre ORDINARIO, se ha dictado decreto de fecha 8/01/2020 cuya parte dispositiva dice literalmente:

“Acuerdo:

a) Declarar a la ejecutada **HERENCIA YACENTE DE JOSÉ VÁZQUEZ CEREIJO** en situación de **INSOLVENCIA**, por importe de **2.052,39 euros**, que se entenderá a todos los efectos como provisional.

b) **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323 en el BANCO SANTANDER, LUGO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a HERENCIA YACENTE DE JOSÉ VÁZQUEZ CEREIJO, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a ocho de enero de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0092

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 89/2018 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a FRANCISCA RODRIGUEZ VAZQUEZ contra NEOPUNT SL, DISEÑO TECNOLÓGICO TEXTIL DE GALICIA SL, PIU PUNTO SL y GÉNEROS DE PUNTO LANLO SLU sobre DESPIDO, se ha dictado decreto de fecha 9/01/2020, cuya parte dispositiva dice literalmente:

“Acuerdo:

a) Declarar a las ejecutadas **NEOPUNT SL, DISEÑO TECNOLÓGICO TEXTIL DE GALICIA SL** y **PIU PUNTO SL**, en situación de **INSOLVENCIA** por importe de **46.506,48 euros**, insolvencia que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.

b) Proseguir la ejecución frente a la empresa GÉNEROS DE PUNTO LANLO SLU.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323000064008918 en el BANCO SANTANDER, LUGO. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA"

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a NEOPUNT SL, DISEÑO TECNOLÓGICO TEXTIL DE GALICIA SL, PIU PUNTO SL y GÉNEROS DE PUNTO LANLO SLU, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a nueve de enero de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0093